

EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

ASUNTO:

Bases reguladoras das autorizacións para a instalación de postos de venda ambulante en postos desmontables na vía pública con motivo das festividades relixiosas, eventos culturais, deportivos, benéficos, solidarios e de produtos estacionais de tempada.

INFORME PROPOSTA. RESOLUCIÓN

De conformidade co art 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de Comercio Interior, no que se inclúe a venda ambulante.

A tal fin e conforme a Lei 13/2010 do 17 de decembro de comercio interior de Galicia constitúe venda ambulante en mercados ocasionais aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares. De conformidade co artigo 71 de dita lei, enténdese como venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública, aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e venda ambulante en mercados ocasionais, aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

A venda ambulante constitúe unha actividade de gran arraigo na cultura popular e que nos últimos tempos adquiriu unha importancia crecente no sector da distribución polo miúdo. Neste senso tradicionalmente vense exercendo a venda ambulante con ocasión, entre outros, das seguintes festividades e eventos indicados no **Anexo I** relacionados con:

- Festividades Relixiosas.
- Eventos deportivos.
- Eventos culturais.
- Outros eventos e conmemoracións.
- Venda de produtos estacionais e de tempada.
- Festas populares

O exercicio da venda ambulante mediante a instalación de postos desmontables constitúe conforme o artigo 75 do Regulamento de bens das corporacións locais un uso común especial de dominio público. O uso común especial está suxeito á obtención de licenza previa axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, outorgándose a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros dispoñendo o artigo 77 do RB e artigo 86.2 da LPAP que o uso común especial normal dos bens de dominio público axustarase á licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

Respecto á concesión de autorización para o exercicio da venda ambulante o artigo 54 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación de comercio polo miúdo, de carácter básico, determina << *Corresponderá aos Concellos outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante nos seus respectivos termos municipais, de acordo coas súas normas específicas e as contidas na lexislación vixente, de acordo co marco respectivo de competencias.*

"Non obstante o anterior, e posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escasez de chan público habilitado a tal efecto, a duración das mesmas non poderá ser por tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

O procedemento para a selección entre os posibles candidatos haberá de garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, la publicidad adecuada do inicio, desenvolvemento e fin do proceso".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 1 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

Na mesma liña, respecto á concesión de autorización para o exercicio da venda ambulante establécese na citada lei 13/2010:

Artigo 72 " 1. O exercicio da venda ambulante, coas tipoloxías establecidas no artigo anterior, estará suxeita á obtención de licenza, e correspóndelles aos concellos a súa autorización, consonte o disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento"

Artigo 75º.-Lugares destinados á venda ambulante.

Os concellos coidarán de que os lugares destinados ao exercicio da venda ambulante se atopen en axeitadas condicións de limpeza e salubridade, debendo exercer o debido control hixiénico e sanitario, en especial dos produtos perecedoiros e de alimentación, de acordo coa lexislación e coas ordenanzas vixentes.

Artigo 76º.-Réxime de autorización.

1. As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento deberá garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

Posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escaseza de solo público habilitado para tal efecto, a duración delas non poderá ser por tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

As autorizacións outorgaranse por tempo determinado. O seu prazo de duración será de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.

2. As licenzas poderánselles conceder tanto a persoas físicas coma a persoas xurídicas, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, e serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72º.2 desta lei, logo de comunicación á administración competente. A transmisión dunha autorización non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración".

Segundo a Resolución de Delegación de Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior corrección de data 28.06.2024 (BOPPO nº 133 de data 09 de xullo de 2024 e acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de data 28 xuño de 2024 (BOPPO nº 134 de data 10 de xullo de 2024)., corresponde ao concelleiro delegado da Area de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais e a concesión de licenzas de venda ambulante.

Polo exposto PROPONSE:

"PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras das autorizacións para a instalación de postos de venda ambulante ocasional con postos desmontables na vía pública con motivo de festividades e outros eventos:

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases establecer as condicións de obtención de licenza de venda ambulante ocasional con postos fixos desmontables na vía pública con motivo das festividades relixiosas e outros eventos culturais, deportivos, benéficos, solidarios e de produtos estacionais de tempada.

2.- AUTORIZACIÓN MUNICIPAL: NATUREZA XURÍDICA, CARACTERÍSTICAS E CONTIDO.

As autorizacións municipais para a venda ambulante terán natureza xurídica de autorización de ocupación de dominio público para a súa utilización especial destinada á prestación de servizos particulares dirixidos ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 2 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

público, non configurándose como unha concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xera vínculo estable nin dereito do comerciante sobre o dominio público.

A autorización para o exercicio da venda ambulante terá unha **vixencia temporal** no período de duración ou data do evento e/ou festividade nos lugares da vía pública ou espazos de uso público indicados no **Anexo I** desta convocatoria. Ademais dos postos que oferta o Concello os solicitantes poden propoñer outros postos alternativos que serán revisados para a súa valoración.

O Concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo intre, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, así como o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de aplicación e lles notificará, no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír unha infracción da lexislación de defensa da competencia.

O Concello resérvase a facultade de poder variar a localización concreta do mercado, se por circunstancias sobrevindas, désense razóns de seguridade para as persoas, dos bens ou de interese público, que fixesen conveniente o seu traslado. Neste caso, a nova localización respectará os permisos autorizados conforme as previsións das presentes bases, sempre que sexa posible, e sempre seguíndose a orde establecida. Estas variacións non darán dereito a indemnización algunha.

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Poderán concorrer a esta licitación as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, consonte coa lexislación mercantil e co establecido na Lei do comercio interior de Galicia, para o exercicio da venda ambulante e non están comprendidas nalgún dos supostos de prohibición sinalados no articulo 71 da lei 9/2017 de contratos do sector público e na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, en especial nos seus artigos 159.b) e 178.2.d). Requírese, así mesmo, do licitador, en caso de persoa xurídica, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade de venda ambulante que se vai exercer.

Para a obtención da autorización de venda ambulante esíxese o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Acreditar a personalidade xurídica
- b) Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
- c) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- d) Estar dado de alta, no seu caso, do Imposto de Actividades Económicas e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- e) Estar ao corrente de pagamento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- f) Estar ao corrente de pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- g) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- h) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- i) Satisfacer as taxas e os tributos fixados nas correspondentes ordenanzas municipais.
- j) Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratara de persoas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 3 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

- b) No suposto de persoas xurídicas, cooperativas ou asociacións deberán presentar copia da escritura de constitución, así como dos estatutos que rexen o seu funcionamento, con indicación dos seus datos persoais e a acreditación de apoderamento outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da entidade.
- c) Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaría como suplente nos casos permitidos na presente bases reguladoras- (ESPECIFICAR MÁXIMO 1- SUPLENTE)
- d) Postos de venda aos que opta e emprazamento solicitado; no caso de venda itinerante, determinarase o itinerario e horarios nos que se exercerá esta actividade.
- e) Mercadorías ou artigos obxecto de venda.
- f) A dirección de correo electrónico do titular para a recepción das posibles reclamacións dos usuarios.
- g) No seu caso, tempo polo que se solicita a autorización e dimensións do espazo de ocupación que pretende expresadas en metros cadrados e metros lineais, indicando as características técnicas do posto e a venda se pretende realizar en unidade de venda desmontable ou dende vehículo.
- h) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).
- i) Declaración responsable que se achega as presentes bases.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante o Concello de Vigo da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicións destas bases, sen condición ou reserva ningunha.

Se os suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente presentan a súa solicitude presencialmente, as Administracións Públicas requirirán ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estos efectos, considerarase como data da presentación da solicitude a data de emenda.

O prazo de solicitude será comprendido entre os 30 e os 45 días antes do evento.

5.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS.

No caso de que, finalizado o prazo de presentación de instancias, existise un número de solicitudes inferior ou igual ás prazas a cubrir e non coincidisen máis dunha solicitude para o mesmo posto, as autorizacións outorgaranse de maneira directa, sen máis trámites, previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención da autorización.

Cando o número de solicitudes sexa superior aos postos licitados e ocupación máxima de espazo dispoñible o criterio para a adxudicación das autorizacións virá determinada polas mellores características técnicas e estéticas do posto e adecuación deste ao entorno (previo informe do técnico competente), en caso de contar con condicións moi similares a adxudicación realizarase por sorteo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 5 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO	CONCELLERÍA DA ÁREA DE PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS	CONCELLO DE VIGO	
----------	---	---------------------	--

EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

6.- ADXUDICACION PROVISIONAL DO EMPRAZAMENTO.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e emendadas as posibles deficiencias, no seu caso, procederase á ditar resolución de adxudicación provisional do emprazamento concreto a cada adxudicatario e requirirase para que no prazo de dez días hábiles acredite a documentación requirida na clausula terceira das presentes bases.

7.- CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN.

Verificada a presentación por cada un dos interesados da documentación referenciada dítase resolución de adxudicación definitiva por parte do concelleiro delegado da área de Comercio e concesión da autorización/licenza de dominio público para o exercicio da actividade no posto e emprazamento adxudicado.

Con posterioridade a autorización realizarase somentes para o evento solicitado, para o período de tempo e horario indicado na mesma, o centro xestor de Comercio poderá requirir a reubicación do posto na contorna dos espazos públicos cando así o aconsellen as razóns de interese público, accesibilidade ou outros supostos debidamente motivados, vindo o adxudicatario obrigado a cumprir a maior brevidade os requirimentos que en tal sentido lle sexan formulados e sen que tal circunstancia impoña recoñecemento ou indemnización ningunha ao seu favor.

8.- FACULTADE DE REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

O Concello poderá revogar a autorización unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte aquela incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral, coa correspondente devolución proporcional da taxa abonada. As autorizacións extinguiranse por:

- Cumprimento do prazo para o que foi concedida a autorización.
- Morte ou incapacidade sobrevinda do titular que non lle permita exercer a actividade, ou disolución da empresa no seu caso.
- Renuncia expresa ou tácita á autorización.
- Deixar de reunir calquera dos requisitos previstos na Ordenanza como necesarios para solicitar a autorización ou exercer a actividade.
- Non cumprir coas obrigacións fiscais e da seguridade social ou a falta de pagamento das taxas correspondentes.
- Por revogación.
- Por calquera outra causa prevista legalmente.

9.- RÉXIME XURÍDICO.

En todo o non disposto nas presentes bases será de aplicación a normativa básica e plena da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas; o Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; os artigos considerados non básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, antes citada, e cantas outras normas reguladoras do dominio público local resulten de aplicación.

Respecto ao procedemento para o outorgamento de autorizacións, aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e con carácter subsidiario e os principios da Lei de contratos do sector público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 6 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

Contra a resolución que se adopte, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

10.- CARACTERÍSTICAS ESTÉTICAS E TÉCNICAS

- 1) Unicamente serán autorizadas as instalacións de asadores de castañas cun deseño e condicións estéticas adecuadas, preferiblemente tipo locomotora ou similar aceptado polo Servizo de Comercio, de material non inflamable, acompañada excepcionalmente de casetas de madeira que sexan compatibles coa contorna urbana, dun máximo de 4 m² e 2 m de altura, vernizada en cor castaño e en bo estado de conservación. As instalacións deberán manterse en perfecto estado xeral de pintura en particular, durante toda a tempada de venda, sendo por conta das persoas autorizadas os gastos de mantemento, traslado, montaxe e desmante.

O fogón situarase no exterior da caseta e só poderá alimentarse con brasas de leña ou carbón, non podendo utilizarse en ningún caso fornos alimentados con bombonas de butano, propano ou similares.

- 2) A venda de barquillos só será autorizada en barquilleiras tradicionais metálicas e decoradas.
- 3) Os postos de venda ambulante deberán reunir as condicións técnicas, estéticas e de ornato adecuado ao entorno, poidendo contar cunha cuberta textil de pvc nun estado de uso e limpeza adecuado.
- 4) As instalacións destinadas ao exercicio da actividade autorizada non poderán ancorarse ao chan ni a ningún tipo de mobiliario urbano, deberán acomodarse á contorna, de acordo co criterio de ornato público, debendo dispoñer das papeleiras necesarias para o depósito de desperdicios.
- 5) Os postos serán instalados e retirados polos propios adxudicatarios e serán colocados de forma que non causen deterioro no pavimento.
- 6) En todo caso, e con independencia das sancións administrativas ás que houbese lugar, a reparación dos danos causados será por conta do adxudicatario.
- 7) A contorna do posto deberá estar en perfectas condicións de ornato e limpeza, sen almacenaxe de mercadoría directamente no chan.
- 8) Non se permitirá de ningún modo a utilización de materiais non autorizados para a conformación do posto, procedendo neste caso a revogación da autorización outorgada."

11.- CONDICIÓN HIXIÉNICO-SANITARIAS

Os postos para a venda de produtos que se instalen nos recintos, deberán cumprir coas condicións técnicas e hixiénico-sanitarias previas na normativa sectorial de aplicación.

Así mesmo, será esixible aos alimentos que se expidan o cumprimento das condición de calidade e pureza establecidas nas normas que regulan dita materia.

SEGUNDO.- As presentes bases substitúen as publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) con data 03 de abril de 2025.

TERCEIRO.- Publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no Perfil do Contratista, na páxina web do Concello de Vigo e na prensa local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 7 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

Así o di, manda e asina o sr. concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, diante miña, a secretaria, en Vigo

Vigo, na data da sinatura dixital consignada á marxe

O xefe do Servizo de Comercio

Manuel Monroy Castro

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio (Resolución da Alcaldía de data 19-06-2023, BOP nº 123, de data 27-06-23).

Ana Laura Iglesias González

O Concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP no 134 de data 10.07.24).

Ángel Rivas González

Conforme, a secretaria de Administración Municipal

Pilar del Carmen Saborido Díaz

Dou fe, a secretaria de Goberno Local

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 8 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

Anexo I			
OUTROS EVENTOS			
TIPO DE EVENTO	FESTA OU EVENTO	LUGAR/RÚA/PRAZA	DATA/PERÍODO (Estas datas son orientativas)
NADAL	ACTIVIDADES NADAL	Varias Rúas	Temporal (de novembro a xaneiro) segun peticións dentro do periodo fixado
	RONDALLAS	Ubicación a determinar en función de onde se realice a actividade	Principios de xaneiro (pendente de data)
	CABALGATA DE REIS	Ubicación a determinar en función do percorrido e o Plan de Autoprotección da actividade	5 de xaneiro
RELIXIOSAS	NOSA SEÑORA DA PAZ	Rúa Gaivota, 9 e 20; Avda. Alcalde Gregorio Espino, 71; Avda. E. Martínez Garrido, 106	24 de Xaneiro
	AS TRES GRACIAS	Santa Marta, 32,50 e 52; San Francisco, 69; Conde Torrecedeira, 2; Paseo Alfonso XII, 17 e 29	Primeiro venres de marzo
	O NAZARENO EN ALCABRE	Avenida Atlántida ,116	7 de marzo
	RAMOS	Urzaiz 160, 162 e 207; Porta do Sol, 5; Paseo de Alfonso XII, 17 e 29; Rúa Príncipe, 1; Praza América ,2,3 ; Avenida Castela, 2	Do martes ao domingo de Ramos
	SEMANA SANTA	Porta do Sol, 5; Avenida García Barbón, 20; Paseo Alfonso XII, 17 e 29; Praza América, 3; Avenida Galicia, 33; Rúa Príncipe	Do martes ao domingo de Pascua
	NOSA SEÑORA DE FÁTIMA	Vía Norte ,17,21,60,62,64,68,70; Pino, 62,64	12 e 13 de maio
	SANTA RITA	Vázquez Varela, 54; Praza Santa Rita, 3; Puerto Rico, 18,29,31	21 e 22 de maio
	MARÍA AUXILIADORA	Ronda de Don Bosco, 19,23,25,27,29,31	24 de maio
	SAN ANTONIO (FLORIDA)	Fotógrafo Felipe Prosperi , 4 ; Fotografos Irmáns Sarabia ,5A; Praza San Antonio, 3 (FLORIDA)	13 de xuño
	SAN ANTONIO (VALADARES)	Camiño igrexa (Valadares)	13 de xuño



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 9 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

	SAN XOAN	Bao, Avenida Samil (frente circuito automodelismo)	23 de xuño
	O PERPETUO SOCORRO	Praza América, 3	27 de xuño
	SAN PEDRO	Carretera de Miraflores, 47 (SÁRDOMA)	29 de xuño
	SANTA BAIA (ALCABRE)	Avenida Atlántida ,116	10 de xullo
	VIRXE DO CARME (VAO)	Rúa Canido, Camiño Fontela	16 de xullo
	NOSA SEÑORA DA GUÍA	Doutor Corbal, 19; Avenida Galicia ,35 (TEIS)	Primeiro sábado de agosto
	O CRISTO DA VICTORIA	Méndez Núñez, 3,5,7,; Policarpo Sanz ,1,3,5,7,9; Porta do Sol, 1; Praza Princesa; Rúa Fermín Penzol, 1,3; Praza da Pedra; Abeleira Menéndez, 19; Gamboa, 1; Paseo Alfonso XII, 17 e 29; Elduayen, 10	Primeiro sábado e domingo de agosto
	NOSA SEÑORA DE FÁTIMA DE INVERNO	Vía Norte, 17,21,60,62,64,68 e 70; Pino, 62e 64	13 de outubro
	FIEIS DIFUNTOS (CEMITERIOS)	Cemiterio de Pereiro, Cemiterio de Bouzas, Cemiterio de Teis, Cemiterio de Sárdoma, Cemiterio de Castrelos.	Do 27 de outubro ao 1 de novembro
	SAN ANDRES (COMESAÑA)	Carretera Matama con Rúa Pazo	30 de novembro
	INMACULADA CONCEPCIÓN	Toledo, 5 (CALVARIO)	8 de decembro
	SANTA LUCÍA	Salgueira Entrada,1 e 3; Barrio Salgueira Grupo Sindical, 21 e 23 (SALGUEIRA)	12 e 13 de decembro
	CEMITERIO DE BEMBRIVE (Venda de froes)	Diante do Cemiterio (BEMBRIVE)	Temporal (todos os venres do ano)
	CEMITERIO DE VALADARES (Venda de froes)	Camiño Igrexa, 224 (VALADARES)	Temporal (todos os sábados do ano)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 10 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

CULTURAIS	ENTROIDO	Ubicación a determinar en función do percorrido e o Plan de Autoprotección da actividade	Semana de Carnaval (Febreiro ou Marzo según o ano)
	DÍA DAS LETRAS GALEGAS	Avenida Castrelos, 1	17 de maio
	FESTAS DO VERÁN	Parque de Castrelos, outros emprazamentos	Temporal (Xullo – agosto)
	OUTROS CONCERTOS E ESPECTÁCULOS	Varias Rúas	Temporal (data de realización)
DEPORTIVOS	EVENTOS DEPORTIVOS	Entorno o estadio de Balaidos, entorno as pistas de atletismo, Pabillón Municipal de Travesas e outros.	Temporal (data de realización)
PRODUTOS TEMPADA	CASTAÑAS	Praza Suárez Llanos; Avenida Castela, 2, 54; Avenida García Barbón, 22; Praza España; Rúa Enrique Lorenzo, 2; Avenida Balaidos (coren); Centro Comercial Gran Vía (acceso peonil); Rúa Urzaiz, 143 e 183; Avenida de Castrelos, 214; Rúa Ronda de Don Bosco esquina Rúa Príncipe; Praza América; Rúa Teixugueiras, 21; Rúa Travesía de Vigo, 160; Rúa Luis Seoane (mercado travesas); Praza Fernando Católico; Praza 8 de marzo; Finca da Marquesa.	Do 11 de outubro ao 10 de xaneiro
ESPECIAIS	DÍA ELECCIÓN	Gaivota, 18; Numancia, 3; Avenida E. Martínez Garrido, 17	Día de celebración
FESTAS POPULARES	No caso de mercados e feiras ocasionais en festas populares os emprazamentos virán determinados pola propia comisión organizadora, dentro do ámbito do evento, xunto coa solicitude de autorización acompañada da relación dos datos identificativos dos vendedores ambulantes e a declaración responsable para o exercicio da actividade		

ANEXO II



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 11 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

						
IMPRESO DE SOLICITUDE						
INSTALACIÓN DE POSTO DE VENDA NA VÍA PÚBLICA						
SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO						
SOLICITANTE	* DNI/CIF	* Nome e Apellidos/Razón social		* Teléfono 1	Teléfono 2	
	ENDEREZO FISCAL					
	* Nome da rúa, praza, etc		* Número	Portal	Escalera	* Piso
	* Porta		* Cód. Postal			
Parroquia		* Municipio		* Provincia		
Correo electrónico a efectos de reclamación						
REPRESENTANTE	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
	Nome da rúa, praza, etc		Número	Portal	Escalera	Piso
	* Porta		Cód. Postal			
	Parroquia		Municipio		Provincia	
Correo electrónico						
SOLICITANTE	NIF	Nome e apellidos/razón social		Teléfono 1	Teléfono 2	
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
	Nome da rúa, praza, etc		Número	Portal	Escalera	Piso
	* Porta		Cód. Postal			
Parroquia		Municipio		Provincia		
Correo electrónico						

SOLICITA:

Autorización para instalar un posto de venda ambulante de:

en _____

entre o día _____ e o día _____, en horario de _____ a _____ ocupando unha superficie de _____ metros de largo e _____ metros de ancho. Lonxitude do mostrador: _____ metros.

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

☐ Mensaxe (SMS) ao móbil:
☐ Correo electrónico.

AUTORIZO:

A consulta dos seguintes dados:

- ☐ Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal Tributaria (AEAT)
- ☐ Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- ☐ Estar ao corrente das súas obrigas fronte á Tesourería da Seguridade Social (TXSS)
- ☐ Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo

Documentación a achegar xunto coa solicitude:

- Declaración responsable para a venda ambulante e para a montaxe de postos, quioscos ou carpas (**Anexo III**).
- Declaración responsable sobre concicións hixiénicas e técnico-sanitarias para actividades de restauración ou venda de alimentos de carácter temporal. (**Anexo IV**)

As solicitudes presentaranse entre trinta días (naturais) e corenta e cinco días (naturais) antes da celebración do evento.

Así mesmo, opóñome á consulta dos seguintes datos (marcar as celas daqueles documentos para os que **non** autoriza a consulta telemática) polos seguintes motivos:

- ☐
- DNI ou NIE da pessoa representante

Nos supostos de non autorizar a consulta de datos ou marcar esta oposición expresa, deberá presentarse a copia dos documentos e/ou, os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias, Seguridade Social e/ou Concello de Vigo segundo cada caso no procedemento da autorización.

..... de de

Sinatura:

Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixíndose a oficina de Información/Registro do Concello de Vigo, onde lle indicarán o procedemento a seguir.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.253: 986616366

página 12 de 15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 12 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO	CONCELLERÍA DA ÁREA DE PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS	CONCELLO DE VIGO	
----------	---	---------------------	--

EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

CONCELLO DE VIGO		DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A MONTAXE DE POSTOS, CASETAS DE FEIRA, POSTOS DE COMIDA E "FOODTRUCKS", QUIOSCOS OU PEQUENAS CARPAS. (INCLUE VENDA AMBULANTE E CONDICIÓN HIXIÉNICAS E TÉCNICO-SANITARIAS PARA A ACTIVIDADE DE RESTAURACIÓN OU VENDA DE ALIMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL)
---------------------	---	--

DATOS DO DECLARANTE / EMPRESA

TITULAR/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
DIRECCIÓN	TELÉFONO
DENOMINACION, DESCRIPCION DO POSTO E DA ACTIVIDADE	

DATOS REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	DIRECCIÓN
NIF	TELÉFONO MÓBIL

1) DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE (marcar as que proceda segundo o tipo de posto):

☒ **En tódolos casos de montaxe de postos de venda, quioscos ou pequenas carpas**

- Que o responsable da montaxe do posto de venda ambulante corresponde a: CUBRIR POLO SOLICITANTE, o cal certifica ser competente por ter dilatada experiencia na montaxe deste posto e garante a seguridade e estabilidade do mesmo segundo as especificacións do fabricante e instrucións de montaxe.
- Que se compromete a manter os requisitos esixidos durante o período de vixencia da citada autorización, e dispoñer no recinto da actividade da documentación requirida.
- Que declara coñecer, e acepta plenamente, as normas e condicións (sobre seguridade e hixiene, horario de apertura e funcionamento, e todas as demais que resulten preceptivas para o funcionamento da actividade) para a autorización de ocupación da vía pública.
- Que dará cumprimento a todas as condicións establecidas no Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT; RD 842/2002) e Instrucións complementarias, en especial a ITC-BT-28 sobre instalacións en locais de pública concorrencia e a INSTRUCCIÓN 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión (DOGA 84 do 02/05/2018).
- Que dispón dun Seguro de Responsabilidade Civil vixente acorde coa actividade a desenvolver.
- Que dará cumprimento á normativa de protección contra incendios que lle é de aplicación.
- Que dará cumprimento aos niveis de ruído establecidos na Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación producida por ruídos e vibracións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 13 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO	CONCELLERÍA DA ÁREA DE PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS	CONCELLO DE VIGO	
----------	---	---------------------	--

EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

- Que se dará cumprimento ás condicións establecidas na Ordenanza de protección ambiental de Vigo en todos os seus aspectos e especialmente no referente a verteduras e eliminación de residuos.
- Que dará cumprimento aos horarios establecidos na ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

• **[] No caso de que se inclúa venda ambulante (Marcar cando proceda)**

- Coñecer e cumprir as normas que deben axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas (RD 199/2010 do 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante; Lei 13/2010 do 17 de decembre do comercio interior de Galicia). En especial:

a). Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ó corrente da tarifa o, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

b). Estar ao día no pago das cotizacións da Seguridade Social.

c). Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias, a tal fin, autorizar ao Concello de Vigo para solicitar ás restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada ou, de ser o caso, acreditar mediante a documentación necesaria a circunstancia de estar dado de alta e ao corrente de pago de impostos de actividade económica ou no censo de obrigados tributarios.

d). No caso de ser prestador procedente de terceiros países, acreditar que coñece e cumpre coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

e). Reunir as condicións exixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.

f). Non estar incluído en calquera dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei para o exercicio do comercio, así como a falta de calquera outra actividade lucrativa.

g). Non realizar actividades con produtos prohibidos.

h). Coñecer as medidas organizativas e protocolos de "boas prácticas" de prevención e minimización de contaxio por axentes víricos tanto dos traballadores como dos consumidores, asumindo a responsabilidade da súa implementación no posto.

• **[] No caso de que se inclúa venda de alimentos (Marcar cando proceda)**

a) O establecemento de referencia cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación.

b) Cumprirán coas prácticas correctas de hixiene durante o exercicio da actividade.

c) Porá a disposición da autoridade sanitaria os xustificantes de orixe dos alimentos.(registro de provedores)

d) O manipulador de alimentos dispón da documentación que xustifique a súa formación como tal e/ou experiencia acreditada.

e) A actividade conta cos preceptivos permisos e licenzas esixibles por outras administracións e organismos públicos e cumpre coa normativa sectorial vixente de aplicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 14 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DA ÁREA DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS
ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11597-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

- f) Comprométese á retirada voluntaria do consumo e posterior destrución daqueles produtos que non reúnan as condicións hixiénico-sanitarias adecuadas colaborando coa autoridade sanitaria correspondente.
- g) De ser necesaria, comprométese a dispor dunha subministración de auga potable.
- h) Comprométese a non transportar no mesmo vehículo animais vivos xunto con alimentos
- i) Os alimentos perecedoiros deberán conservarse a temperatura regulada (frío ou calor segundo corresponda)
- j) Non encherá envases orixinais unha vez abertos e o transvasamento de alimentos a envases máis pequenos aptos para uso alimentario realizarase en condicións de salubridade adecuadas.
- k) Estar inscritos no Regasa (Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios)

En _____, a _____ de _____, de 20____

Asdo: (Titular da instalación de acordo cos datos do encabezamento).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 09:02	Páxina 15 de 15
11597-106	CSV: A5B9A6-232F4E-AF3282-JDVQ55-YFEJXN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		